

ACTA NÚM. 2 DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA BAÑA
REALIZADA O 26 DE MARZO DE 2014

LUGAR: casa do Concello da Baña

DATA: 26 de marzo de 2014

HORA DE COMEZO: 13:30 h en primeira convocatoria

HORA DE REMATE: 15:00 h

ASISTENTES

Alcalde: D. José Andrés García Cardeso

Concelleiros:

D. José Manuel Landeira Liñares

D^a. Alicia Blanco Sande

D. Manuel Tourís Fernández

D^a. Sandra López Fernández

D. Roberto Rial Calvo

D. Francisco Pazos Currais

D^a. Sandra López Fernández

D^a. Ana Paramos Cebey

María Pilar Lema Silva

D. Laurentino Arnejo Ínsua

Secretaria-Interventora:

D^a. Olga Dourado González

Non asiste: D. José Domínguez Rey

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta anterior
2. Dar conta dos decretos da Alcaldía
3. Dar conta do informe sobre o cumprimento do Plan de axuste do cuarto trimestre do exercicio 2013.
4. Dar conta do informe de morosidade do cuarto trimestre do exercicio 2013
5. Dar conta da liquidación do exercicio 2013
6. Dar conta da prórroga do orzamento do exercicio 2013
7. Ratificación do acordo da Xunta de Goberno Local con data do 26.02.2014 referente á modificación dos proxectos POS 2014 (xestión residuos)
8. Elección do xuíz de Paz

Fóra da orde do día, e tras ratificar o Pleno da Corporación a declaración de urxencia, inclúese na orde do día o seguinte punto:

9. Solicitude de financiamento dos servizos sociais comunitarios en relación co decreto 99/2012, do 16 de marzo

10. Actuacións de control:

-Mocións

-Rogos e preguntas

Antes de iniciar a sesión a presidencia pide un minuto de silencio polo falecemento de D. Adolfo Suárez, minuto que é respectado por todos os membros da Corporación.

1. Aprobación da acta anterior

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior que corresponde á ordinaria con data do 27 de xaneiro de 2014.

2. Dar conta dos decretos da Alcaldía

O Pleno queda informado das resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria realizada, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do RD 2568/86, do 28 de novembro, aprobatorio do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

3. Dar conta do informe sobre o cumprimento do Plan de axuste do cuarto trimestre do exercicio 2013.

A Alcaldía dá conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención que deseguido se transcribe:

“INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE EVALUACIÓN TRIMESTRAL DEL PLAN DE AJUSTE

A la vista de la liquidación del presupuesto del año 2012, y de los datos grabados en la plataforma que obran en la Oficina virtual de coordinación financiera de las Entidades Locales y de conformidad con el artículo 4.1.h) del Real Decreto 1174/1987, de 18 de septiembre, por el que se regula el Régimen Jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito el siguiente

INFORME

PRIMERO. Estado de Ejecución del Presupuesto de 2013.

Para la cumplimentación de la información sobre la ejecución del Presupuesto de 2013, se han tomado los datos de ejecución del presupuesto de ingresos y del presupuesto de gastos hasta la fecha 31/12/2013 incluyendo, en los casos en que se conocen los detalles por conceptos o aplicaciones presupuestarias, las operaciones realizadas pendientes de registro presupuestario, información obtenida y facilitada por las distintas dependencias administrativas y del Registro de Facturas de la Corporación.

SEGUNDO. Ejecución de las medidas de Gasto e Ingresos previstas en el Plan y otras medidas adicionales adoptadas y no previstas en el mismo.

Medidas de Ingresos Propuestas:

- No se preveía medida alguna en materia de ingresos en el Plan de ajuste aprobado por el Pleno del concello de la Baña en fecha 30/03/2012.

Medidas de Gastos Propuestas:

A- Medida 1: Reducción de gasto de personal.

Se pretendía llevar a cabo una reducción de la jornada de aquellos servicios no obligatorios prestados por personal laboral a jornada completa: Información Juvenil y Educadora Familiar con un ahorro anual estimado de 18.418,22€ en el ejercicio 2013.

B-Medida 10: Reducción de celebración de contratos menores.

En este apartado las medidas que se pretendían adoptar son las siguientes:

Supresión del contrato de publicidad existente con el periódico el correo gallego con un importe anual de 7.470,00€ .

Supresión del contrato de publicidad existente con la cadena COPE por un importe anual de 3.480,00€.

Con ello se consigue un ahorro en cada ejercicio de: 10.950,00€

C-Medida 15: Reducción en la prestación de servicios de tipo no obligatorio

Se llevaría a cabo la eliminación de la excursión para la tercera edad que tiene un coste anual de 8.000,00€

Se llevaría a cabo la eliminación del servicio gratuito de autobús para la piscina con un coste anual de 3.024,00€

Se llevaría a cabo la eliminación del servicio de autobús gratuito para asistir a las ferias mensuales que tiene un coste anual de 2.000,00€.

Con ello se conseguiría un ahorro en cada ejercicio de: 13.024,00€

Medidas Adicionales adoptadas y no previstas en el Plan de Ajuste:

En el presupuesto del ejercicio 2012 aprobado en Pleno el 28 de noviembre de 2012, figura consignada la cantidad de 74.659,86€ destinados a amortizar parcialmente el préstamo contraído con la entidad bancaria Bankia, y destinado al financiamiento de pago a proveedores a causa de haber recibido este Ayuntamiento la subvención de la Xunta de Galicia destinada al financiamiento de la obra incluida en el Plan Recomercia” Adecuación e Modernización de equipamentos comerciais nas inmediacións da plaza do concello “

TERCERO. Comparación de la ejecución de las medidas con las previsiones del Plan y explicación de las desviaciones:

Medidas de Ingresos Propuestas:

No constan medidas de ajuste en el apartado de ingresos.

Medidas de Gastos Propuestas:

- **La medida 1** de reducción de gasto de personal con la que se pretendía una reducción de ahorro anual de 18.418,22€, se ha incumplido totalmente por no proceder, hasta la fecha actual a la modificación de los contratos. No obstante lo anterior, la subvención concedida por la Diputación Provincial de la Coruña para el mantenimiento del servicio de educación

familiar se ha incrementado hasta 13.928,85€, asumiendo el Ayuntamiento una aportación inferior a la prevista en el momento de elaboración del plan de ajuste.

- **La medida 10** de reducción de celebración de contratos menores, se ha cumplido en lo señalado en el plan de ajuste para este trimestre, con un ahorro de 2.737,50€/trimestre previstos.
- **La medida 15** relativa a la reducción en la prestación de servicios de tipo no obligatorio se ha cumplido en este trimestre ,de lo que resulta un ahorro trimestral para el ayuntamiento de 3.242,00€

CUARTO.- Otros indicadores del cumplimiento del Plan de Ajuste

A los efectos de un mayor conocimiento de la realidad del Ayuntamiento de la Baña tras la aprobación del plan de ajuste en sesión plenaria de 30/03/2012 y su grado de cumplimiento a fecha 31/12/2012, deben ponerse de manifiesto, a juicio de esta Secretaria-Interventora, las siguientes magnitudes:

DEUDA VIVA: incluida la devolución de las liquidaciones en la participación en los tributos del Estado del 2008 y 2009 y los datos de la liquidación del 2012:

	Deuda viva a 31/12/2012
Deuda viva:	202.592,15
A corto plazo (operaciones de tesorería):	0,0
A largo plazo:	202.592,15
Operación endeudamiento RDI 4/2012:	125.871,42
Resto operaciones endeudamiento a largo plazo:	76.720,73

AHORRO NETO:

Esta magnitud, tiene en cuenta los datos de la liquidación del ejercicio 2012 aprobada por resolución de alcaldía con fecha 28 de febrero de 2013, así como los gastos del capítulo 9 en términos de anualidades teóricas de amortización, de lo que resulta:

+ Capítulos 1 a 5 del Estado de ingresos del ejercicio	2.223.068,51 €
--	----------------

-Capítulos 1,2,3,4 y 9 del Estado de gastos del ejercicio	2.213.599,79 €
= Ahorro Neto	9.468,72

REMANENTE DE TESORERÍA:

REMANENTE DE TESORERÍA		
1	Deudores pendientes de cobro (+)	525.660,14 €
2	Acreedores pendientes de pago (-)	259.925,15 €
3	Fondos líquidos a fin de ejercicio (+)	158.525,05€
4	Remanente de Tesorería (1-2+3)	424.260,04 €
5	Saldo de dudoso cobro (-)	17.965,34 €
6	Exceso de financiación afectada (-)	102.334,29 €
7	Remanente de Tesorería para gastos generales (4-5-6)	303.960,41 €

Se pone de manifiesto que el remanente de tesorería para gastos generales del ejercicio 2012 fue de 303.960,41 €, notablemente superior al del ejercicio 2011, así como el resultado presupuestario positivo, tal y como se especifica a continuación:

RESULTADO PRESUPUESTARIO

RESULTADO PRESUPUESTARIO				
CONCEPTOS	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	AJUSTES	RESULTADO PRESUPUESTARIO
A. Operaciones corrientes	2.23.068,51	2.212.770,21		
B. Operaciones corrientes no financieras	384.929,14	327.786,77		
1. Total operaciones no financieras (a+b)	2.607.997,65	2.540.556,98		
2. Activos financieros	0	0		
3. Pasivos financieros	200.531,28	75.489,44		
RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO	2.808.528,93	2.616.046,42		192.482,51
<u>Ajustes</u>				
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos generales			0	
5. Desviaciones de financiación negativas del ejercicio			0	
6. Desviaciones de financiación positivas del ejercicio			0	-102.334,29

RESULTADO				90.148,22
PRESUPUESTARIO AJUSTADO				

— **Saldo de las obligaciones pendientes de aplicar al Presupuesto de gastos a 31 de diciembre de 2012:** 130.120,89 €

Por todo ello se informa **DESFAVORABLEMENTE** respecto al cumplimiento anual del plan de Ajuste aprobado al amparo de lo dispuesto en el Real Decreto-ley 4/2012, de 24 de febrero, por el que se determinan obligaciones de información y procedimientos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para el pago a los proveedores de las entidades locales motivado en el incumplimiento total de la medida 1: reducción de gasto de personal.

No obstante lo anterior, el Remanente de Tesorería positivo, Resultado Presupuestario positivo y el Ahorro Neto positivo son indicadores de una solvencia en la situación económica de esta Entidad.

Se proponen la adopción de la siguiente medida para el ejercicio 2014 para llevar a buen cumplimiento el Plan de Ajuste:

ÚNICA: Proceder a la reducción de la jornada de aquellos servicios no obligatorios prestados por personal laboral a jornada completa: Información Juvenil y Educadora Familiar. La reducción de llevarse a principios del ejercicio económico supondría un ahorro anual de 18.418,22€ en el 2014. Visto que la subvención concedida por la Diputación Provincial de la Coruña para el mantenimiento del servicio de educación familiar se ha incrementado hasta 13.928,85€, asumiendo el Ayuntamiento una aportación inferior a la prevista en el momento de elaboración del plan de ajuste procedería adoptar las medidas oportunas tendentes a la modificación del plan de ajuste con el objeto de modificar o eliminar esta medida de ajuste.

El presente informe se emite para dar cumplimiento a lo establecido en la Orden HAP/1465/2012, de 28 de junio, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

En A Baña, a 29 de enero de 2014”

A Corporación queda informada do contido do antedito informe.

4. Dar conta do informe de morosidade do cuarto trimestre do exercicio 2013

A Alcaldía dá conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención que deseguido se transcribe:

“INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS LEGALMENTE PARA O PAGAMENTO DE OBRIGAS

SOLICITANTE: Alcaldía

NORMATIVA APLICABLE

Consideramos a seguinte normativa aplicable:

- Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro.
- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais.
- RDL 3/2011, do 14 de novembro, aprobatorio do texto refundido da lei de contratos do sector público.
- Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Concretamente o art. 33. do RDL 4/2013 Modifica a Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no senso seguinte:

“Uno. Se modifica el artículo 4:

Artículo 4. Determinación del plazo de pago.

1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad. [...]

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales.

4. Podrán agruparse facturas a lo largo de un período determinado no superior a quince días, mediante una factura comprensiva de todas las entregas realizadas en dicho período [...]. “

Tres. El párrafo primero del apartado 2 del artículo 7 pasa a tener la siguiente redacción:

2. El tipo legal de interés de demora que el deudor estará obligado a pagar será la suma del tipo de interés aplicado por el Banco Central Europeo a su más reciente operación principal de financiación efectuada antes del primer día del semestre natural de que se trate más ocho puntos porcentuales.

Cuatro. El apartado 1 del artículo 8 queda redactado como sigue:

1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior. [...]»

Ademáis a DF SEXTA, modifica diversos preceptos do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que tratan de precisar o momento de devengo dos intereses de demora.

«DISPOSICIÓN FINAL SEXTA. *Modificación del texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre.*

Uno. El apartado 4 del artículo 216 queda redactado como sigue:

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el

contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono. [...].»

Da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 1 de outubro de 2013 ao 31 de decembro de 2013 (4º trimestre de 2013) obtense a seguinte información que se especifica nos anexos seguintes.

CONCLUSIÓN

É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación e propoñemos:

- Que se lles envíen o presente informe e os anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

- Que se informe o Pleno do acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010.

A Baña, 29 de xaneiro de 2014”

A Corporación queda informada do contido do antedito informe.

5. Dar conta da liquidación do exercicio 2013

A Alcaldía dá conta do decreto de aprobación da liquidación do exercicio 2013 que deseguido se transcribe:

“DECRETO Nº 11/2014

Visto o disposto no artigo 191 do RDLex 2/2004 de 5 de marzo:

1. O presuposto de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e a pago de obrigas o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.

2. As obrigacións recoñecidas e liquidadas non satisfeitas o último día do exercicio, os dereitos pendentes de cobro e os fondos líquidos a 31 de decembro configurarán o remanente de tesourería da entidade local. A cuantificación do remanente de tesourería deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados e minorando de acordo co que regulamentariamente se estableza os dereitos pendentes de cobro que se consideren de difícil ou imposible recadación.

3. As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu presuposto antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

A aprobación da liquidación do presuposto corresponde ao presidente da entidade local, previo informe da Intervención.

Vista a liquidación do concello da Baña correspondente ao exercicio 2013 que reflexa, entre outros o seguinte remanente de tesourería:

- Remanente Líquido de Tª Total..... 283.371,25 €
- Saldos de dubidoso cobro.....20.667,99 €
- Exceso de financiación afectada..... 262.703,26€
- **Remanente Líquido de Tª para gastos xerais..... 262.703,26€**

Vista a liquidación do concello da Baña correspondente ao exercicio 2013 que reflexa, entre outros o seguinte resultado orzamentario:

- Resultado orzamentario do exercicio.....-155.665,86€
- Créditos gastados financiados con

- Remanente de tesouraría para gastos xerais.....17.934,25€
- Desviacións de financiación negativas do exercicio.....102.334,29€
- Desviacións de financiación positivas do exercicio.....120.268,54€
- Resultado orzamentario axustado.....-35.397,32 €

Visto informe da Secretaria-interventora de data 24/02/2014

RESOLVO:

1º) Aprobar a liquidación do concello da Baña correspondente ao exercicio 2013.
A Baña, 25 de febreiro de 2014”

A Corporación queda informada do contido do antedito decreto.

6. Dar conta da prórroga do orzamento do exercicio 2013

A Alcaldía dá conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención así como do decreto que deseguido se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 126/13

ANTECEDENTES

Ao Concello da Baña resultoulle imposible cumprir, antes do 31 de decembro do presente exercicio, cos trámites necesarios para que o presuposto do próximo exercicio entre o vigor o 1 de xaneiro de 2014.

CONSIDERACIÓNS

1. Secretaría-Intervención emitiu un informe con data do 31.12.2013 sobre a prórroga para o ano 2014 do presuposto municipal actualmente en vigor.

Por todo isto, a Alcaldía, de conformidade co establecido nos artigos 169.6 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais e 21.4, segundo parágrafo, do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, RESOLVE:

1. Prorrogar o presuposto para o ano 2014 co contido sinalado no informe de Secretaría-Intervención con data do 31.12.2013.
2. Darlle conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión que realice

A Baña, 31 de decembro de 2013”

“INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE PRÓRROGA DO PRESUPOSTO DO EXERCICIO ANTERIOR

SOLICITANTE: Alcaldía

FEITOS

A Alcaldía do Concello da Baña solicita, na providencia con data do 31.12.2013, un informe de Secretaría-Intervención sobre a lexislación aplicable e acerca do procedemento que hai que seguir para prorrogar o presuposto municipal actualmente en vigor para o ano 2014.

En cumprimento do artigo 3.a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte

INFORME

1. A lexislación aplicable é a seguinte:

- O artigo 169.6 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- O artigo 21 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de presupostos (actualmente Texto refundido da lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo).
- A regra 55.3 da Orde EHA/4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.
- A regra 51.3 da Orde EHA/4042/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a instrución do modelo simplificado de contabilidade local.
- A disposición final terceira da Orde EHA/3565/2008, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.
- A resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se ditan medidas para o desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.

2. En virtude do principio presupostario de anualidade, tamén denominado de especialidade temporal, cada presuposto constitúe un cadro independente e separado do correspondente a outro exercicio económico ao desprezar os seus efectos durante o exercicio presupostario coincidindo este co ano natural, e ao rematar o ano, a vida presupostaria extínguese para renacer, ao inicio do exercicio seguinte, un novo presuposto aprobado.

A Lei prevén que, se por calquera motivo, ao iniciarse o exercicio económico non tería entrado en vigor o presuposto correspondente, de conformidade co establecido no artigo 169.6 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, considerárase automaticamente prorrogado o do exercicio anterior, co límite dos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen sobre o presuposto prorrogado conforme ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 do devandito texto refundido, e ata a entrada en vigor do novo presuposto. A prórroga non lles afectará aos créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados tendo estes a condición de non prorrogables.

3. O procedemento para realizar a prórroga do presuposto é o seguinte:

A. Requiriráselle a Intervención un informe sobre o contido do presuposto prorrogado, no que se concreten os créditos prorrogables e, no seu caso, os axustes que sobre este se deban practicar de conformidade co establecido nos artigos 4.1.g) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional, e 21.4 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

B. A Alcaldía aprobará por resolución o presuposto prorrogado á vista do informe de Intervención e de conformidade co establecido no artigo 21.4 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

A Baña, 31 de decembro de 2013”

A Corporación queda informada do contido do antedito informe e do decreto.

7. Ratificación do acordo da Xunta de Goberno Local con data do 26.02.2014 referente á modificación de proxectos POS 2014 (xestión residuos)

O Pleno da Corporación, por unanimidade, e en consecuencia co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda aprobar o ditame da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas, e Urbanismo, con data do 24 de marzo de 2014 que é do seguinte teor literal:

“Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data do 26.02.2014 referente á modificación proxectos POS 2014 (xestión residuos) que deseguido se recolle:

“4. MODIFICACIÓNS PROXECTOS POS 2014

Visto que os cambios introducidos no proxectos incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 a pedimento da Deputación provincial da Coruña, refírense á mera emenda de defectos detectados na súa documentación tras a supervisión técnica efectuada polo Servizo de Apoio Técnico a Municipios da entidade provincial, e dado que os devanditos cambios non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.-Aprobar os proxectos técnicos nos que se recollen os cambios non substanciais propostos pola supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios da Deputación provincial da Coruña:

Denominación dos proxectos	Técnico redactor	Presuposto base de licitación (€)
Pav. V. P. en Vilela e A Estivadiña	D. Juan Carlos Carballeda Rifón	44,653,17
Pav. V. P. en Trece, Cotobade e Quintero	D. Juan Carlos Carballeda Rifón	40,051,58
Pav. V. P. na Edreira, Mundrís, Valiña, A Tarroeira e Corneira	D. Juan Carlos Carballeda Rifón	48,618,71
Pav. V. P. en Arzón	D. Juan Carlos Carballeda Rifón	31,588,53

2.-Dar conta ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data do presente acordo, para o seu coñecemento e ratificación.

3.-Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial para a súa inclusión no Plan Provincial de Cooperación ás obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) 2014.”

A Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Urbanismo acorda, por unanimidade, proporlle ao Concello Pleno a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data do 26.02.2014.”

8. Elección de xuíz de Paz

A Alcaldía dá conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Patrimonio e Persoal con data do 27 de xaneiro de 2014 que é do seguinte teor literal:

“Único. Elección Xuíz de Paz

ANTECEDENTES

1. O Concello da Baña recibiu un escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con data do 08.10.2013, no que lle comunica que debe iniciar un novo expediente para nomear xuíz de paz titular, no prazo de tres meses que hai que contar desde a data indicada, xa que está próximo a vencer o período de catro anos de mandato do actual xuíz D. Antonio Martínez Méndez.

2. Con respecto a este expediente, a Alcaldía emitiu unha providencia con data do 21.11.2013, unha proposta con data do 21.11.2013 e un edicto con data

do 28.11.2013 e a Secretaría un informe con data do 21.11.2013.

3. Saíu publicado no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 248, do 31.12.2013 o anuncio da convocatoria para a elección de xuíz de paz.

4. A esta convocatoria concorreron Antonio Martínez Méndez e Alberto Maneiro Liñares que presentaron as súas solicitudes con data do 14.01.2014.

CONSIDERACIÓNS

A Presidencia e os seus concelleiros do Grupo Popular manifestan as seguintes consideracións respecto aos dous candidatos presentados:

1. Con respecto a Antonio Martínez Mendez:
 - a. Durante os oito anos que desempeñou o cargo de xuíz de paz, exerceuno sen problema, con plena satisfacción e non dou lugar a ningunha protesta.
 - b. Reside a 50 m da situación do Xulgado de Paz, o que lle permite dar celeridade á xestión.
 - c. As fins de semana realiza as funcións que debe desempeñar un xuíz de paz.
 - d. Acode a diario ao Xulgado de Paz.
2. En relación con Alberto Maneiro Liñares:
 - a. Presenta un bo currículo.
 - b. Pon o enderezo no Barro de Abaixo pero non consta que está empadroado neste lugar nin que reside alí. Por isto, os/as asistentes da Comisión Informativa dubidan da capacidade de atender o servizo e da disposición dos horarios as 24 horas do día de luns a domingo.

De acordo co anterior, a Comisión Informativa de Contas; Patrimonio e Persoal, por cinco votos a favor do Grupo Municipal Popular e 3 abstencións do Grupo Municipal socialista,

ACORDA:

Propoñerlle ao Concello Pleno a designación de Antonio Martínez Méndez para desempeñar o cargo de xuíz de paz, debido á atención e ao bo funcionamento do servizo, sen menoscabo de que a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acorde a outra opción.”

A Concelleira D^a. Ana Paramos Cebey explica que o Grupo Municipal Socialista entende o plantexamento, pero considera que a persoa que ten máis titulación para o posto é a que ten que desempeñar o mesmo.

Sometido o asunto a votación acádase o seguinte resultado: sete votos a favor correspondentes ao grupo municipal popular e tres votos en contra do grupo

municipal socialista, queda polo tanto aprobada, por maioría absoluta, o ditame da Comisión Informativa en todos os seus termos.

De conformidade co preceptuado no artigo 82 do ROF e tras a declaración de urxencia ratificada por unanimidade da Corporación e, en consecuencia, co voto favorable da maioría absoluta dos membros que por dereito a compoñen, acórdase incluír o seguinte asunto na orde do día:

9. Solicitude de financiamento dos servizos sociais comunitarios en relación co decreto 99/2012, do 16 de marzo

ANTECEDENTES

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento establece no seu capítulo VIII as novas regras e os procedementos para o financiamento dos servizos sociais comunitarios.

CONSIDERACIÓNS

A traballadora social do Concello da Baña, Ana Ares Quintáns, emitiu un informe con data do 11 de marzo de 2014.

De acordo con todo o indicado, o Pleno da Corporación ACORDA:

1. Solicitalle á Consellería de Traballo e Benestar o financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos para o exercicio 2014
2. Aprobar o seguinte orzamento previsto para financiar os servizos sociais comunitarios do ano 2014:

GASTOS DE PERSOAL: 30.093,28 €

TRABALLADORA SOCIAL: Total 30.093,28 €

- Solicitado Plan Concertado: 15.013,00€
- Achega municipal: 15.093,15 €

PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR: TOTAL: 62.745,60 €

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PERSOAS DEPENDENTES (Nº horas previstas ano 2014 son 4560*13,76€/hora): 62.745,60 €

- Solicitado Plan Concertado : 42.232.00 €
- Achega municipal total: 18.513,60€
 - Achega usuarios (previsto): 7.218,64 €
 - Achega municipal: 11.294,96 €

XESTION DE PROGRAMAS: TOTAL: 37.996,36 €

PROGRAMA ESPECÍFICO DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA EN CENTROS E INSTALACIÓNS QUE POSIBILITEN A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR (PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA BAÑA)

- Solicitado Plan concertado: 29.901,16 €
- Achega usuarios (previsto): 8.095,20 €

3. Declarar que os servizos sociais comunitarios seguen a prestarse con continuidade.

10. Actuacións de control

-Mocións

Non se presentaron para a súa aprobación.

-Rogos e preguntas

A Alcaldía procede a dar lectura ás respostas das preguntas formuladas polo Grupo Municipal Socialista no anterior pleno ordinario que corresponde ao do día 27 de xaneiro de 2014:

1. Pregunta: Mándase unha revista ás casas para facer promoción, dende o punto de vista noso, da concelleira e do alcalde, pero non se tratan temas como o das ordenanzas (madeira, plantacións, reciclaxe), é dicir, non se intenta chegar con información útil aos veciños da Baña.

Resposta: Non necesito facer promoción na revista municipal da miña persoa, nin a concelleira, pois o pobo é mais sabio do que vos pensades. Só tratamos de informar dunha serie de actuacións que se realizan no concello durante o ano e, polo que observo, non ledes nin vedes. Demasiada obcecación.

Sobre o tema de reciclaxe, onde hai papeis, calan barbas.

Sobre as actividades para a mocidade, sobre os intercambios coa mocidade doutros países e viceversa, sobre o Programa Xuventude en Acción, emitiuse unha resolución de concesión de dous voluntarios para o Concello da Baña.

2. Pregunta: como está o tema da madeira, saber se se está cumprindo a normativa porque hai lugares como en Valiña, Marcelle, Cabanas, San Cibrán, San Mamede...nos cales se está sacando a madeira e deixando os camiños desfeitos e a madeira toda tirada pola estrada, en canto ás plantacións estanse plantando na beira da estrada por debaixo dos taludes.

Resposta: Sobre o tema da madeira, das plantacións, remítome á ordenanza, ao BOP do 14/11/2013 e á lei de montes (DOG).

Están cumprindo a normativa en canto a plantacións pois a Lei de montes así como a nosa ordenanza o establece. Estanlles chegando aos veciños cartas da Consellería nas que se informa sobre a madeira e nalgunhas se sanciona.

Sobre a madeira, estamos controlando xestionando as solicitudes, quedando con copia do seguro R. C. Por exemplo: Maderas Fandiño, Finsa, Maderas Castro, Pereiro y Tinelli e Pontevea.

A madeira que depositaron na estrada de Manle e Campelo era de veciños de Santa Comba e foron chamados á orde para sacala dese punto.

3. Pregunta: A praza de Cabanas, non se fixo nada nela non sei se se está pasando do tema ou se estamos esperando a que veña o bo tempo e xa non se arranxa pero mentres estase desfacendo a estrada porque a auga vai toda por ela.

Resposta: Na praza de Cabanas fíxose unha actuación pero non deron ben co tema pois, segundo os veciños que saben, na parte de arriba da praza sempre naceu auga pois chámase a fonte. Vaise resolver coa actuación pertinente.

Quero facervos chegar uns trípticos informativos para que non aparezan latas de conserva, envases metálicos, botellas de auga e outras cousas tiradas pola praza.

4. Pregunta: As actas de comisión están chegando con dous meses de retraso e unha queixa que vimos mantendo case tres anos e o único que se fai e votarlle a culpa a outros para pasar.

Resposta: Segundo as indagacións, as actas de comisión están saíndo regularmente no tempo e na forma; iso non quita que nalgúns momento puntual non houberse algún retraso no envío destas.

5. Pregunta: As cunetas, seguimos dicindo que non se están limpando e a auga e os arrastres están desfacendo as estradas, despois tamén lles botamos a culpa aos veciños que abren os camiños para pasar a auga cando sabedes que é todo polo vosa incompetencia.

Resposta: Non vos preocupedes pois estamos tratando de elaborar un plan especial de limpeza de cunetas e de reparación do firme das estradas de titularidade municipal. Si, a incompetencia é debida a que nos últimos tres meses as inclemencias meteorolóxicas puideron máis que todos nós, vaia definición. Seguramente é debido á vosa carencia de capacidade para aprobar o plan, como fixestes con outros temas (ordenanza plantacións, plans).

6. Pregunta: Os usuarios do pavillón da Baña están descontentos porque non se limpa adecuadamente e manchan a roupa cada vez que veñen a ximnasia.

Resposta: Estanse limpando regularmente as instalacións pero, debido ao seu uso sobre todo polo colexio, polas escolas deportivas, pode ser que nalgún momento se acumule a sucidade na pista ou nos servizos. Está informado, e con insistencia, o encargado do pavillón, pois hai controis de sanidade debido ao uso dos escolares.

7. Pregunta: Nos baños do Centro de Día de San Mamede entra a auga pola ventá.

Resposta: Algunhas deficiencias atopadas no Centro de Día de San Mamede xa están corrixidas (portas, ventás, mobiliario...). O inverno foi duro e a auga métese en todos os sitios.

8. Pregunta: Mostrar a nosa queixa da mala comunicación cos empregados do Concello, o día dos pinchos de Nadal non sabían que o día 24 de decembro non se traballaba. A alcaldía manifesta que os traballadores estaban informados pero que tiveron que retirar árbores os días 24 e 31 por causa do temporal.

Resposta: Tedes que entender mellor as bromas ou a ironía da xente, pero non vos preocupedes que para este ano deixámosvos que avisades vós a xente. Quen os avisou estes últimos cinco anos? Quen os avisa para retirar árbores ou calquera estrago ocasionado, por exemplo, por temporais? Non intentedes dar clases de protocolo a ninguén.

9. Pregunta: Cabinas escolares que seguen sen limpar.

Resposta: Fíxose unha relación das cabinas que se atopan en bo, regular, mal estado e ao mesmo tempo encargáronse cabinas novas para substituír as vellas e aínda quedan máis por recibir, así como retiráronse as vellas onde actualmente non hai parada:

Cabinas en estado regular (están para actuar):

- Eiroa (límite con Negreira)
- Núcleo de Cabanas
- Castro (Lañas)

Cabinas en mal estado cuxa reparación farase en breve:

- Valiña (Lañas)
- Vilar de Cerdeiras (Corneira)
- Agromaior (Corneira)

Necesitan cabina e están solicitadas:

- Trece
- Lameiro
- Cotobade
- Emes (unha de maior tamaño)

10. Pregunta: depuradora de Corneira: para cando porque segundo o alcalde xa tiña que estar aberta.

Resposta: Remítovos á comparecencia do conselleiro da CMATI, D. Agustín Hernández, que fixo con motivo da presentación da EDAR de Barcala (A Baña-Negreira) o mércores día 06/11/2013 Revisade a prensa do día 07.11.2013 onde aparece reflectida a noticia, así como a hemeroteca de Radio Negreira que emitiu en directo a entrevista co conselleiro. Acordádevos que houbo concurso de acredores coa anterior empresa (C. MON)

Cónstame por Augas de Galicia o compromiso de que nestes momentos están en trámite de licitación as dúas:

- EDAR Barcala (Negreira-A Baña)
- Saneamento en Corneira (concurso de acredores)

11. 12. 13. Preguntas:

11. Proposta de obras para arranxar a Ermida, Gosende, Manle, Campelo, Vigobó e en Manle o núcleo está sen pavimentar.

12.Camiño de Trece a Folgueira desfeito pola auga.

13. Agromaior, Vilanova e poderíamos seguir pero ímolo deixar para outro pleno.

Resposta: Tomamos nota destes sitios para realizar actuacións sen lugar a dúbidas, así como a doutros sitios e intentaremos priorizar; así o estamos facendo e así o seguiremos facendo. Por exemplo, cando propuxemos as obras do POS, falabas de que non era necesario en Valiña, Mundrís, Estivadiña; por favor, pasade por alí para ver se fai falta ou non, despois dos meses de inverno.

14.Pregunta: As fontes públicas e prazas públicas sen limpar como a de Manle, Trece, Vilar de Suso, Cabanas...

Resposta: Temos catalogado no inventario municipal máis de 100 fontes públicas. Estamos realizando as correspondentes análises para saber se teñen garantía sanitaria; en caso contrario, é necesario colocar o cartel. Tamén se está realizando a limpeza ou a correspondente adecuación destas. Despois dos

meses de inverno ten a Brigada Municipal orde de realizar as correspondentes actuacións.

15.Pregunta: Por que diminuíu a oferta das actividades deportivas?

Resposta: O Concello realiza varias iniciativas e actividades de diversa índole:

- a. Iniciativas e actividades sociais: inmigrantes, servizos sociais
- b. Iniciativas e actividades educativas, xuvenís (revista)
- c. Iniciativas e actividades deportivas

Segundo me consta a min, non se diminuíu ningunha actividade deportiva; creo máis ben que se incrementou; por exemplo a actividade de mantemento pois hai unha sala que non había, o programa da neve da Deputación, etc. Polo tanto, dicídeme onde se diminúe. Porque se chamades diminución a unha actividade onde se anotan dous ou tres rapaces, temos que priorizar e atender os colectivos maioritarios. Remítome aos horarios das Escolas Deportivas do ano pasado e deste.

Horarios Escolas Deportivas Inverno 2012/13						
L.	Mar.	Mér.	Xov.	Venr.	Sáb.	Dom.
15:45-16:45 Minideporte <hr/> 16:45-17:45 Baloncesto <hr/> 18:00-19:00 Psicomotricidade (Lañas)	15:45- 16:45 Fútbol sala Benxamín mixto <hr/> 16:45-17:45 Fútbol sala alevín Mixto <hr/> 17:45-18:45 Voleibol <hr/> 18:45-20:00 Fútbol sala feminino infantil e cadete <hr/> 20:00-21:00 Ximnasia A Baña		15:45- 16:45 Patinaxe <hr/> 16:45-17:45 Baloncesto <hr/> 18:00-19:00 Psicomotricidade (Lañas)	15:45- 16:45 Fútbol Sala Benxamín mixto <hr/> 16:45-17:45 Fútbol sala alevín mixto <hr/> 17:45-18:45 Voleibol <hr/> 18:45-20:00 Fútbol sala feminino infantil e cadete <hr/> 20:00-21:00 Ximnasia A Baña	Competicións deportivas	

Horario das Escolas Deportivas 2013/14						
Luns	Martes	Mércore s	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
5:45-16:45 h Patinaxe <hr/> 16:45-17:45 h Psicomotricidad e A Baña <hr/> 18:00-19:00 h Psicomotricidad e (Lañas) <hr/> 20:00-21:00 h Actividade física para adultos	15:45-16:45 h Fútbol sala <hr/> 16:45-17:45 h Fútbol sala <hr/> 17:45-18:45 h Fútbol sala <hr/> 20:00-21:00 h Actividad e física para adultos		15:45-16:45 h Fútbol campo <hr/> 16:45-17:45 h Fútbol campo <hr/> 18:00-19:00 h Psicomotricidad e (Lañas) <hr/> 20:00-21:00 h Actividade física para adultos	15:45-16:45 h Patinaxe <hr/> 16:45-17:45 h Psicomotricidad e A Baña <hr/> 17:45-18:45 h Fútbol sala <hr/> 18:45-19:45 h Fútbol sala	Competicións deportivas	

16. Pregunta: Queremos unha xustificación de por que se despediu ao profesor de música no medio do curso deixando aos nenos colgados e pagando as cotas, saber cantos nenos se deron de baixa por esta cuestión e por que hai que indemnizar a unha persoa se o despido é improcedente por un capricho dun concelleiro?. Porque se é así que o pague do seu peto, porque ademais polo que teño sabido non hai expediente de ningún tipo contra ese traballador.

Resposta: Quero aclarar que non se despediu a ninguén. Non se renovou o contrato polos reiterados incumprimentos do profesor de música. Débese a un contrato e a unha disciplina da empresa, neste caso Concello da Baña. Cando empezou foi fenomenal pero a partir do terceiro ano quixo ir por libre: marcha a Nova York, a Punta Cana (setembro) sen avisar, falta a clases reiteradamente no seu horario habitual (escusas de dentista, outras veces dunha infección de boca pero nunca trae xustificante). Podedes preguntar que pasou en Boqueixón, Val do Dubra e ultimamente no Colexio Juniors, etc. Falei con todos os profesores en xuño de 2013 para que cumprisen o contrato relixiosamente, e o horario; así quedou aclarado con todos menos con el que non o entendeu.

Non se abriu ningún expediente para non quedar manchado pero el seguía actuando por libre. E vista a situación, non quedou máis remedio que non renovar o contrato tamén debido á queixa de moitos pais.

Só quero dicir que non renovamos o contrato e pagamos os dereitos do traballador que lle corresponden, como non faltaría máis.

En canto ao alumnado, a día de hoxe, non se deu de baixa ninguén segundo nos consta no pagamento das cotas correspondentes e agora danse as clases correctamente (hora completa) excepto en xaneiro ata que se contratou os profesores. E máis cousas de extrema gravidade que non podíamos consentir.

17.Pregunta: Ademais temos comunicación de mais traballadores, non so de Leis, de que un concelleiro trata mal os traballadores con insultos e ademais, o alcalde ten constancia diso, porque déronlle queixa algúns verbalmente e outros a través de escrito.

Resposta: Hai moito costume de acusar sen asegurarse da realidade. Quero deixar constancia de que non houbo ningunha queixa de insultos a ningún traballador; iso é firme, alto e claro. E se vos dicides, por boca de Leis ou outro, facede constar que tipo de insultos hai, non demagogia. A ver se agora non se pode falar co traballador para que realice a súa función adecuadamente e iso molesta.

18.Pregunta: Traemos unha proposta para que se inclúa nas bases para a contratación de traballadores que sería a dunha proba de estupefacientes, sobre todo se van a estar en contacto con nenos, algo que tamén non deberíamos de estar exentos os concelleiros para maior transparencia co pobo.

Respostas: Nas bases de contratación facemos constar todo aquilo que se axuste á legalidade e non tiredes a pedra e escondades a man porque, como dixen antes, iso é facer demagogia e leria barata. Aquí temos transparencia total, non discos raiados como costume. Sei por onde vai dirixida a pregunta e polo tanto pido seriedade e concreción porque nada de nada diso que insinuaes.

A Concelleira D^a. Ana Paramos Cebey formula a seguinte intervención e, de continuo, as seguintes preguntas:

Antes de comezar cos rogos e preguntas, queremos destacar que polo menos as nosas queixas valeron para algo e o pavillón está limpo despois de comunicalo no Pleno.

1-Revisión máis a miúdo do estado do alumeadado público e que non teñen que estar os veciños chamando para que se arranxen.

2-Reclamamos un espazo na revista do Concello para informar aos veciños, sabemos que noutros concellos é posible.

3-Queremos saber que está facendo ante a vaga de roubos que se están levando a cabo neste Concello, pois temos coñecemento de que a xente está moi preocupada.

4-Por que se están retrasando tanto os presupostos.

5-No Parque infantil de San Vicente atopáronse cristais e non hai papeleiras, rogamos máis limpeza nos parques infantís.

6-Saber que se está facendo ou se pode facer por un señor que deambula por Fiopáns, Troitosende e arredores que vive no monte, pois últimamente vese en malas condicións e a poboación está preocupada.

7-Queremos que se nos explique a gratificación de 600 € recibidas polos funcionarios municipais (Barbeira, Ricardo, Olga, Lita e Ana) no mes de febreiro.

8-Queremos saber o motivo polo que os veciños que viven nunha residencia privada teñen descontos adicionais na lavandería municipal cando se aprobou unha normativa e entendemos que todos somos iguais.

9-Queremos saber para cando está prevista a apertura do PAI e saber cantos nenos hai xa anotados.

10-Arranxos e obras:

*Camiño que vai para o monte de Vesía e en Barcala o de Candaveliños.

*Pista de zorra dende Fampousa ata a cuadra de Arán.

*O camiño que vai a cuadra de Cándido.

*Estrada dende A Igrexa ao Pazo.

*Pista de zorra en Mundrís e Prousor.

*Adecantamento de áreas recreativas.

*Limpeza de fontes e facer analíticas das mesmas (carteis de se é posible ou non).

*Reparación nunha obra que se levou a cabo fai pouco e que xa está desfeita en Vilar da Torre, onde hai uns tubos levantados porque se fixo unha chapuza.

11-Rogamos que se informe a todos os veciños da normativa de plantacións, ben por carta ou charlas informativas nas parroquias.

12-Rogamos que se tomen medidas co estado da finca de Mallón en Ceilán (limpeza da maleza que causa mala impresión na entrada do Concello).

13-Queremos saber que xestións se fixeron sobre o pintado na estrada Santa Comba – Portomouro.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematado o acto, cando son as 15:00 horas no lugar e na data enriba indicados, do que estendo a presente acta, que asina o alcalde, e eu, secretaria que dou fe.

A secretaria-interventora

Visto e prace
O presidente